



AXUDAS ÁS PEMES PARA O DESENVOLVEMENTO DA ECONOMÍA CIRCULAR E A DIXITALIZACIÓN



2 de agosto de 2022



13.00 horas



Online

O Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) ven de publicar as bases das **axudas para a implantación de solucións avanzadas para o desenvolvemento da economía circular IG288**. O **obxectivo destas axudas** é impulsar o desenvolvemento e implantación de solucións avanzadas para a produción, transporte e distribución de materias primas e produtos finais, acadando reducións e aforros na utilización de recursos naturais, auga e enerxía, así como na xeración de subprodutos ou desfeitos, e promovendo a revalorización dos mesmos.

Asemade ven de publicarse unha nova edición das bases das **axudas á dixitalización e Industria 4.0 (IG240)**, destinadas á posta en marcha de proxectos de dixitalización cuxa finalidade sexa a implantación de solucións para o soporte dixital de procesos dunha empresa ou proxectos de interconexión dixital de procesos entre empresas da cadea de valor.

Nesta liña, o Clúster Alimentario de Galicia (Clusaga) establece no seu plan estratéxico a importancia de ambas temáticas, definidas nos eixos e medidas estratéxicas para o Impulso da sustentabilidade e incorporación de empresas á economía circular e a bioeconomía, así como o apoio á transformación dixital e Industria 4.0.

Por este motivo, ante a fiestra de oportunidade aberta por estas dúas convocatorias de axudas do Igape, Clusaga organiza o webinar “Transición verde e dixital do sector alimentario. Axudas ás pemes para o desenvolvemento da economía circular e a dixitalización”. Nesta sesión expóranse as cuestións máis salientables e resolveranse dúbidas sobre as próximas convocatorias de axudas á implantación de solucións avanzadas para o desenvolvemento da economía circular e as axudas á dixitalización e Industria 4.0.

PROGRAMA

13.00 Benvinda e introdución

13.05 Presentación das liñas principais das convocatorias de axudas do Igape ao desenvolvemento da economía circular e dixitalización

13.25 Presentación de casos de éxito de pemes en proxectos

13.35 Apoios do Clusaga a proxectos de dixitalización e sustentabilidade e economía circular

13.40 Debate. Dúbidas e preguntas

13.45 Peche da xornada

Inscrición e máis información

Para asistir ao webinar, a inscrición previa é requirida. Para solicitar calquera aclaración ou información adicional, poden contactar co Clusaga na caixa de correo electrónico comunicacion@clusaga.org ou no teléfono 981556062.

FORMULARIO DE INSCRICIÓN



INSTITUTO GALEGO
DE PROMOCIÓN
ECONÓMICA

